



Maite Cambeiro Insua

Ás veces imaxínome libre...
Da educación;
de toda, da que se respira e que non só está na escola.
Do que é unha muller;
esa que só é unha, e sempre a mesma.
Do que debe ser;
muller-filla e nai, muller-obxecto e consumidora, muller-puta, muller-tola, muller-débil, muller-esposa... (das que mancan porque nunca te acostumas... as das cancións, ¿recordas? Coa chave no mar, ben ó fondo).

Ás veces non fago caso de que non debo pensar, e penso. E imaxino.
E imaxino que son libre e que o que son me pertence. E sinto (pra min) e son dona do meu corpo. E brinco e berro e amo e gozo e ocupo espazo e me coido e dou a luz e aborto e abrazo e bailo e piso a herba e me movo... e me deixo vivir e existo.
E respiro.

Ás veces libérome e imaxino...
Que podo ollar no espello e verme cos meus ollos,
fermosa, xove e vella, fraca e gorda, sá, segura, baixa e alta, imperfecta, morena e loira,
sorrinte, mirándome porque quero.
Que podo falar coa miña voz e pensa-lo que penso,
porque non quero ser conto.
Nunca quixen.

E imaxinando ás veces,
vexo a esa muller que son tantas mulleres
sorríndome, colléndome a man para escribir a nosa historia.
E abaixo, pequeniños e xuntos, os nomes de todas.
Lee.

MULLER-PERSOA